

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

OUTUBRO NOVEMBRO
DECEMBRO 2022

Nº 55

ABRACA DABRA

ROBOTS, HUMANOS E... ROBOTS
HUMANOS?

PASATEMPOS

ARTE E COCIÑA ROBÓTICA

QUE HAI DE NOVO?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

ROBOTS, HUMANOS E... ROBOTS HUMANOS?

Non. Non. Que non! Non pode ser... Non quero... Pero... será verdade? é posible que...? E, en caso de ser certo... seica importa? Ahhhh! Ola! Estabades aí? Perdoádeme por non decatarme antes, pero atópome un pouco... non sei... como nadando nun mar de confusión... Vale, cóntovos, que xa vexo polas vosas caras, que vos sucede o mesmo. Pois, resulta que este ano, propuxéronnos, xa a principio de curso, escoller un proxecto sobre o que traballar ao longo dos dous primeiros trimestres, para, no terceiro expoñelo ao resto da clase. Déronnos unha listaxe con posibles temas, aínda que o deixaron un pouco aberto por se queriamos facer algunha modificación sobre algún deles, ou sentiámonos inspiradas e inspirados por algún outro. Entre os temas propostos, atopábase un sobre robots e programación e outro sobre o cerebro, e claro, xa me coñecedes... a miña imaxinación empezou a voar e as miñas neuronas puxéronse a divagar sobre a liña que separa a ciencia da ficción... Ata aquí previsible, non? Pero o meu nerviosismo empeza cando me poño a recompilar información que me leva a preguntarme se os humanos non seremos en realidade, unha especie de robots sofisticados... Vouvos dar os meus argumentos:

Para empezar, os humanos vimos de serie cunha placa base con información non accesible de forma consciente, que nos permite, por exemplo, ser capaces de respirar sen pensar como facelo. A esta placa, ademais, podemos engadirle información que imos captando a través dos nosos sentidos, tanto consciente como inconscientemente. Parte desta nova información incorpórase a esa imaxinaria placa base non accesible de forma consciente e é a que nos permitirá realizar diferentes tarefas dunha maneira, digamos que..., "automática" e enerxeticamente máis eficiente. Así, por exemplo, unha vez que aprendemos a andar en bici, poderemos facelo sen pensar, porque o noso cerebro aprendeu a dar as ordes precisas para que os nosos músculos se contraian e relaxen no momento adecuado para manter o equilibrio e pedalear.

Seguídesme? A modo de mini resumo é como ter un robot cun programa predefinido na súa placa base e a través de distintos inputs (entradas en linguaxe informática) de información incorporar novos datos. Eses inputs son sinais eléctricos enviados ao procesador onde serán almacenados, ordenados e procesados. Así, tamén todo o que percibimos a través dos nosos sentidos son vibracións de onda, impulsos eléctricos,... que o noso cerebro transforma no que vemos, oímos, cheiramos, sentimos..., é dicir, almacena, ordena e procesa.

Si, si... xa sei o que me ides dicir... que a un robot programámolo e non é libre de decidir o que vai facer. Pero, seica a humanidade é realmente libre e decide por si mesma ou é só un espellismo...? Pódese conseguir que alguén pense e actúe dunha determinada forma? A resposta é si. Historicamente podedes atopar moitos casos. Por exemplo, non é así como funcionan as seitas?

Na procura de información atopeime cun caso que me chamou a atención, incluso fixeron algunha película baseada nel. Trátase dun "experimento" que fixeron con estudantes para explicarlles como puido pasar o que pasou na 2ª Guerra Mundial e que hai que ter coidado para que non se repita. O que sucedeu é que tiveron que suspendelo porque o que conseguiron foi reproducir os pensamentos e accións que levaron ao masacre xudeu no seu día. É isto programación? Pensades que tanto os soldados no seu día como os estudantes nos supostos prácticos que fixeron decidiron libremente?

E, sen ir tan lonxe, nin a exemplos tan drásticos, credes que as decisións que tomamos no noso día a día son elixidas por nós? ou, pola contra, é o noso cerebro que, antes de que cheguemos a tomar unha decisión consciente xa se posicionou coma se estivese programado para iso? Anímovos a que investiguedes sobre o tema, é alucinante!!! E si..., tamén un pouco inquietante...

Seguiría contándovos cousas, sobre este tema tan apaixonante, durante horas, pero téñome que ir a clase de música. Así que non me queda outra que despedirme, pero se atopades algo interesante que queirades compartir comigo podedes deixarmo na Sección Infantil e Xuvenil da Biblioteca.

Vémonos no próximo número!!!



PASATEMPOS

CHISTES

E, xa estamos aquí cos pasatempos que máis vos gustan. Empezamos, como non, polos chistes que nos fostes deixando para rir a esgalla:

– La profesora le dice a Jaimito: - Jaimito, ¿qué me puedes decir sobre la gelatina?
– No sé, profesora. En mi antigua escuela solo conocí la “i” latina y la “y” griega, pero la “g” latina nunca la escuché.

– Profesora, ¿qué quiere decir ‘why’?
– ¿Por qué?
– Por saberlo

– Profe, ¿qué quiere decir ‘nothing’?
– Nada.
– Algo querrá decir, ¿no?

– Dos que se encuentran en una reunión familiar y uno le dice al otro: - ¿tú y yo qué somos?
– ¡Pronombres!



Dos amigos quedan para comer y uno le dice al otro:
– Oye, ¿cuál es tu plato favorito?
A lo que el otro responde:
– Pues el hondo, porque cabe más comida...

Esto es un hombre que entra en un bar de pinchos y dice: – Ay, ay, ay, ay.

– Profe, ¿cómo se escribe móvil?
– Pues se escribe como suena...
– ¿Y si está en silencio?


7 DIFERENZAS*

Aquí vos deixamos un reto moi cerebral..., seredes quen de superalo atopando as **7 diferenzas**?





E para rematar, un xeroglífico:

Como se chama o curmán de Sonia?



N



RECETA



La partida de cartas.
Fernand Léger, 1917.

Con la técnica del tubismo todos los personajes de las pinturas de Léger (músicos, arlequines, etc.) parecen llevar armadura o ser robots de brazos y piernas de tubo y línea. Es como si los hubiese pintado con ganas de comer macarrones.

¿Qué necesitamos?

Macarrones	Aceite de oliva
1 tomate Cherry	Sal
Albahaca	Guisantes (opcional)
Aceitunas negras	

¿Cómo se hace?

Para cocer la pasta se pone al fuego agua muy abundante con sal y cuando rompe a hervir se echan los macarrones, que se cocerán destapados. Cuando vuelven a hervir se baja un poco el fuego sin que paren de cocer y se tienen entre 10 y 15 minutos dependiendo de cómo nos gusten.

Se escurren con un colador grande y se pasan por el chorro de agua fría si se quiere hacer una ensalada de pasta o directamente se incorpora la salsa que elaboremos en cada caso en particular.

Para hacer el muñequito articulado se aprovechan los macarrones para las articulaciones y el tomate Cherry para las extremidades; se decora con hojas de albahaca a modo de sombrero y de vestido.

Aliñar con aceite de oliva.



A arte, sempre é inspiración! Hai moitas obras de arte que tamén nos poden axudar a inspirarnos na cociña, só basta fixarnos nelas e pensar o que poderíamos elaborar cos ingredientes que empregamos habitualmente.

Fixarvos neste cadro de Fernand Léger, pode inspirarnos para facer unha ensalada robótica, verdade?... pero seguro que tamén vos podería inspirar máis cousas, veña, animádevos e poñede a vosa imaxinación a voar e ... a cociñar! E logo se queredes podédelo compartir connosco, enviándoo ao correo da biblioteca: biblioteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal

Se vos queredes seguir inspirando, podeades consultar o libro, onde aparecen este cadro e esta receita, [Cocinando con arte: 30 recetas para divertirse cocinando y enseñar arte a los niños](#) / Alicia Jiménez Sánchez, Natalia García Fernández. Disponible na biblioteca (641.5 JIm coc/ v)

QUE HAI DE NOVO...?

* Comezamos coas actividades de outono: os sábados pola mañá, taller de **"Robótica e programación"** para nen@s de 9 a 14 anos e de **"Lego Wedo"** para nen@s de 7 e 8 anos. Consulta o programa

* **CELEBRACIÓNS NA BIBLIOTECA** con Talleres temáticos para celebrar o 24 de outubro o **"Día da Biblioteca"** e o 31 de outubro o **"Samaiñ"**.

* En vacacións de Nadal organizamos, como todos os anos, os **"Talleres de pintura"**, impartidos por Luisa Valdés. Infórmate na biblioteca.

* Lembra que podeades facer as vosas **RESERVAS E RENOVACIÓNS** dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.


* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA**. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal e publicáremolas no próximo número da revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede:



SOLUCIÓNS DOS PASATEMPOS

As 7 DIFERENZAS



XEROGLÍFICO

Formiga +cebola-n=? E se pensamos en inglés?

Ant+onion-n= Antonio

O curmán de Sonia chámase Antonio!!!!

Biblioteca Provincial da
Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña.
Tfno: 981 080 171
Depósito Legal: C 4802-2008